

FICHA – Os ecosistemas 3

1.- Vocabulario científico da unidade:

Palabra	Definición

2.- Pon un exemplo de ecosistema e indica polo menos un elemento de cada compoñente.

3.- Que é a biosfera?

4.- Define biótomo?

5.- Cales son os gases que necesitan os seres vivos para vivir?

6.- Como condiciona a vida dun ecosistema a temperatura? Pon un exemplo.

7.- Investiga. Que importancia ten a salinidade nas nosas rías?

8.- Busca en Internet algún ser vivo propio das altas altitudes.

9.- Hai xente que ten como mascotas animais procedentes de climas moi cálidos. Cales crees que poden ser os inconvenientes que poden ter eses animais ao vivir en Galicia?

10.- Que adaptacións fixo o camelo ou o dromedario para adaptarse ao lugar que habita?

11.- En que tipo de ecosistema poderíamos encadrar as dunas de Corrubedo? E as fragas do Eume?

12.- Por que o zorro e o logo son especies diferentes?

13.- Que relación ten unha comunidade e unha poboación?

14.- Cando falamos en xeral das gaivotas de pata amarela presente nas Illas Cíes, de que estamos a falar, dunha especie, dunha poboación ou dunha comunidade?

15.- Pensa nunha ría e pon un exemplo de especie, poboación e comunidade.

- 16.- Que é a biocenose?
- 17.- Resolve a suma: biotopo + biocenose + relacións =
- 18.- Realiza un esquema das relacións entre seres vivos dun ecosistema.
- 19.- Que relación teñen...?
O peixe pallaso e a anémona - O pulgón e a formiga - O tiburón e o rémora - A orquídea e a árbore - A carracha e outro animal - O crocodilo e o pluvianus
- 20.- Nas relacións entre seres vivos de distintas especies, que é un hóspede?
- 21.- Infórmate e indica que tipo de relación teñen as termitas entre si.
- 22.- Indica tres especies que mostren relacións gregarias.
- 23.- Como se nutren os produtores, consumidores e descompoñedores dun ecosistema?
- 24.- Existen produtores carnívoros? E omnívoros?
- 25.- Explica con exemplo que ocorre nun ecosistema cando aumenta considerablemente a poboación de produtores ou a de consumidores de primeiro orden ou a de consumidores de segundo orden.
- 26.- ANALIZA E PENSA: A xeito de experimento creáronse ecosferas. Dentro dun envase de cristal máis ou menos grande púxose auga, aire, algas, organismos microscópicos e gambas, logo pechouse hermeticamente o recipiente. Curiosamente os ecosistemas formados deste xeito foron capaces de manterse durante moitos anos (algúns están próximos aos 70 anos) sen que entre nin saian gases nin alimento.
Explica todas as relacións que se producen no seu interior e a que é debido que sega habendo vida no seu interior.
- 27.- Debuxa unha rede alimentaria que teña un mínimo de sete seres vivos.
- 28.- Que é o equilibrio dun ecosistema?
- 29.- Pon tres exemplos nos que a actividade humana rompa ese equilibrio.
- 30.- A que é debida a deforestación?
- 31.- Define e pon exemplo de desenvolvemento sostible.
- 32.- Escolle un espazo natural protexido galego como o Parque Natural das Illas Atlánticas, o Parque Natural das Dunas de Corrubedo ou as Fragas do Eume e fai unha ficha-resumo onde se recollan os seguintes datos: localización, principais seres vivos que o habitan, características particulares e tipo de ecosistema que é, unha cadea alimentaria presente nel e un exemplo de relacións entre seres vivos tanto da mesma como de distinta especie.